

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E O CENTRO ASOCIADO DA UNED DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DO PROGRAMA UNED SÉNIOR NO EXERCICIO 2024

Lugar e data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte:

Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social e Igualdade, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte:

Ana Mónica Novo García, en calidade de directora do Centro Asociado UNED - A Coruña (en adiante UNED - A Coruña), con NIF Q1500424E, en nome e representación do mesmo, tal como establece o artigo 26 do Regulamento de organización e funcionamento do Centro Asociado UNED - A Coruña, polas facultades conferidas pola Lei Orgánica de Universidades 2/2023, de 22 de marzo, pola que se regula o sistema universitario; polo Real Decreto 1239/2011, do 8 de setembro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade Nacional de Educación a Distancia e polos Estatutos do Consorcio Universitario do Centro Asociado da UNED- A Coruña do 29 de novembro de 2016, con sede social na Coruña.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

I. Que o Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23 confírelle á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia de asistencia social, sendo transferidas estas competencias polo Real decreto 258/1985, do 23 de xaneiro e asumidas pola Xunta de Galicia segundo o Decreto 54/1985, do 21 de marzo.

II. Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponden as competencias en materia de asistencia social conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica. Correspóndelle a dita consellería propoñer e executar as directrices xerais do goberno no ámbito do benestar que engloban, entre outras, as competencias en materia de servizos sociais incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, atención ás persoas con discapacidade e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia.





III. UNED - A Coruña é un organismo con personalidade xurídica propia e de natureza pública, creado ao abeiro do convenio asinado o 11 de febreiro de 1983, entre a Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED), a Deputación provincial de A Coruña, a entón Consellería de Educación e os concellos da Coruña, Culleredo, Betanzos e Sada, e posteriormente modificado o 22 de outubro de 1996. En virtude da súa autonomía xurídica, pode establecer con outras Institucións públicas ou privadas, convenios conducentes ao cumprimento dos seus fins, tal como se establece nos artigos 1 e 3 do seu Regulamento de organización e funcionamento.

UNED- A Coruña é un organismo que desenvolve o programa UNED Sénior nos concellos de A Coruña e Lugo. O dito programa presenta certas peculiaridades en relación ás propostas desenvolvidas por outros centros universitarios:

- O programa desenvólvese vinculado ao ámbito rural galego.
- Co programa colaboran activamente distintas administracións públicas de ámbito local e outras entidades.
- O programa determina rangos distintivos do alumnado e da metodoloxía empregada, destacando a idade e a combinación da perspectiva académica coa relacional, en virtude das particulares características do medio rural no que se realiza.

A estes efectos, sempre dentro do marco xeral establecido pola UNED- A Coruña pero facendo uso da flexibilidade que o programa UNED-Sénior adoptou como un dos seus principios reitores, o programa desenvólvese vinculado ao ámbito rural galego, de tal xeito que as clases non se celebran no Centro Asociado UNED- A Coruña, con sedes nas cidades de A Coruña e Ferrol, senón que se desprazan ao ámbito rural para dar cobertura a unha necesidade formativa específica á que non daban resposta, ata agora, as actividades formativas presenciais das universidades, evitándose deste xeito o solapamento de ofertas similares a un mesmo público demandante.

IV. A Consellería de Política Social e Igualdade e UNED - A Coruña consideran de interese que as persoas maiores, debido ao aumento da esperanza de vida e que a meirande parte delas gozan de boa saúde, poidan compartir coa sociedade as súas experiencias e ao mesmo tempo acadar novos coñecementos. De igual forma recoñecen a necesidade de crear e potenciar as actividades educativas, culturais e formativas que lles faciliten ás persoas maiores o seu desenvolvemento persoal e social. Para alcanzar esta finalidade, cómpre establecer mecanismos axeitados para a realización de accións concretas e obter a maior eficacia.

A Consellería de Política Social e Igualdade e UNED- A Coruña recoñecen a necesidade de crear e potenciar no ámbito rural as actividades educativas, culturais e formativas que lles faciliten ás persoas maiores o seu desenvolvemento persoal e social mediante este programa UNED Sénior para o ano 2024.

Así, tendo en conta por unha banda, a especificidade das características da actividade que se vai financiar por razón do colectivo ao que vai dirixida, e por outra, a ausencia no ámbito territorial de aplicación de entidades alternativas que expidan títulos universitarios que dispoñan da infraestrutura material e medios humanos esixibles e a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade, conforme ao previsto no Decreto 139/2024, do 20 de maio, considéranse razóns que





acreditan o seu interese social, quedando xustificada a imposibilidade de promover a concorrência pública en aplicación dos artigos 19.4 e 26.2 apartado a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por todo elo, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Asinar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. *Obxecto*

O presente convenio ten por obxecto establecer a colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade, a través da concesión directa dunha subvención, e a UNED - A Coruña para o desenvolvemento por esta do programa UNED Sénior no ano 2024, que se configura como unha oferta de estudos para aquel sector da sociedade maior de 65 anos que concluíu a súa vida laboral e demanda un novo tipo de formación actualizada e axeitada ás súas inquiredanzas formativas e intereses culturais.

SEGUNDA. *Actuacións subvencionables*

1. A oferta educativa do programa UNED - Sénior da UNED - A Coruña a subvencionar responde, fundamentalmente, aos intereses dos potenciais alumnos e á experiencia de anos anteriores, destacando especialmente as relacionadas coa saúde.

Dentro do alumnado, persoas maiores de 65 anos, predominan os que só cursaron estudos primarios, se ben, en términos xerais, apréciase unha gran heteroxeneidade nos niveis educativos e culturais, factor a ter moi en conta á hora de deseñar os contidos educativos e aplicar as metodoloxías docentes.

A afluencia destes alumnos determina a necesidade de formar varios grupos, situados en localidades diferentes, para facilitarlles a asistencia ás clases sen forzar grandes desprazamentos, tendo en conta a dispersión característica da contorna xeográfica abarcada.

As materias ofertadas para o ano natural 2024 subvencionado, abarcan parte das actividades dos cursos académicos 2023-2024 e 2024-2025 e son as seguintes:

Primer cuatrimestre:

- Actividade física e incidencia na saúde I.
- Cultura musical de Galicia I.
- Historia da arte e patrimonio histórico I.
- Inglés I.
- Introducción ás Novas Tecnoloxías I.
- Recuperación da música popular lousamiá I.
- Saberes labregos e agroecoloxía I.



- Saúde pública e envellecemento I.

Segundo cuatrimestre:

- Actividade física e incidencia na saúde II.
- Cultura Musical de Galicia II.
- Historia da Arte e Patrimonio Histórico II.
- Inglés II.
- Introducción ás Novas Tecnoloxías II.
- Recuperación da música popular Lousamiá II.
- Saberes labregos e agroecoloxía II.
- Saúde pública e envellecemento II.

2. Á vista do perfil do alumnado, persoas maiores de 65 anos, as actividades formativas impartiranse coas seguintes medidas metodolóxicas:

- a) Adaptación dos contidos docentes ás particularidades dos grupos de alumnos (idade, nivel de estudos previos, intereses, experiencias previas), e optar por unha metodoloxía que favoreza partir dos coñecementos previos dos alumnos, o intercambio de opinións e a aplicación á vida diaria dos coñecementos adquiridos.
- b) Completar as clases teóricas nos locais habilitados para a súa impartición con actividades culturais vinculadas ao contido das ditas materias formativas, a realizar fóra das aulas co fin de favorecer o contacto interpersoal e o coñecemento doutras realidades, e para paliar o illamento propio do medio rural, destacando as numerosas saídas que o alumnado Senior realiza ao longo do curso para completar os seus coñecementos.

TERCEIRA. Orzamento

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións que no marco do programa a subvencionar a través deste convenio ten previsto desenvolver a UNED - A Coruña, é de **13.860,00€**. Para o cumprimento desta finalidade a Consellería de Política Social e Igualdade achegará a totalidade dos **trece mil oitocentos sesenta euros (13.860,00 €)**, con cargo á aplicación orzamentaria **38.05.312E.444.0**.

Segundo a Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, esta previsto crédito axeitado e suficiente para poder dar cobertura económica aos compromisos contraídos en virtude deste convenio.

CUARTA. Obrigas da entidade beneficiaria

1. A UNED - A Coruña deberá cumprir todos os requisitos necesarios para obter a condición de entidade beneficiaria previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e deberá cumprir as seguintes obrigas, previstas no artigo 11 da mencionada lei:

- a) Realizar as actividades ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención e acreditar a súa realización, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinaron a concesión da subvención. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño,





no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño; no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no disposto neste convenio.

b) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Consellería de Política Social e Igualdade a través da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

c) Comunicar a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

d) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos no marco do convenio coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

f) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

g) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actuacións do programa obxecto da concesión da subvención a través do convenio e nos lugares onde estas se realicen: "Subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade", co seu respectivo logotipo.

h) No deseño e desenvolvemento do programa e das actividades a subvencionar a través do presente convenio incorporarase de xeito transversal o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e terase en conta a perspectiva de xénero no seu deseño e execución.

i) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.

2. Asemade a entidade beneficiaria deberá cumprir a obriga de subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

QUINTA. Obrigas e documentación inicial

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto co programa de actividades a desenvolver, a seguinte documentación:

a) **Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións** solicitadas ou concedidas para o mesmo programa, ou, de ser o caso, unha declaración de que non



solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.

b) **Declaración responsable**, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

SEXTA. *Compatibilidade con outras axudas*

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Segundo o previsto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, supere o custo total da actividade, que vai desenvolver a entidade beneficiaria.

SÉTIMA. *Forma de pagamento*

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria nas seguintes condicións:

a) Efectuarase un pagamento do 50 % da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.

A previsión do anticipo faise tendo en conta as necesidades financeiras da UNED Coruña e destinarase aos gastos de persoal e gastos correntes necesarios para o desenvolvemento das citadas actividades.

Xa que o importe do anticipo previsto non excede dos límites previstos no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, non é preciso autorización polo Consello da Xunta.

b) O 50% restante farase efectivo unha vez rematadas e xustificadas todas as actividades do programa a subvencionar a través deste convenio.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte da entidade beneficiaria, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedora por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, se é o caso.

OITAVA. *Gastos subvencionables e xustificación*

1. Son gastos subvencionables os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño.

O importe da subvención destinarase a cubrir os gastos de persoal adscritos á execución das actividades formativas, os gastos correntes en materiais e outras ferramentas ou





elementos varios para a impartir e realizar as actividades e os talleres do programa, así como do transporte do alumnado, e a gastos de persoal da coordinación do programa, efectivamente realizados para o desenvolvemento das actividades formativas recollidas na cláusula segunda, no ano 2024. Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que remata o **10 de decembro de 2024**.

Así mesmo, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados pola entidade beneficiaria.

No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao programa a subvencionar, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibín da persoa provedora.

Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibín da persoa provedora.

2. No momento da presentación da xustificación dos gastos e en todo caso con data límite do **10 de decembro de 2024**, a entidade presentará a seguinte documentación:

a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

b) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, contidas no programa a subvencionar, que conterà:

1º. Unha relación clasificada dos gastos da actividade, coa identificación da persoa acreedora e do documento acreditativo da realización do dito gasto, o seu importe, a data de emisión e, no seu caso, data do pago. No caso de que a subvención se outorgase baseándose nun orzamento, indicaranse, se as houbera, as desviacións producidas.

2º. As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago.

3º. No seu caso, carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como os intereses derivados destes.

c) Declaración complementaria e actualizada comprensiva de todas as axudas e subvencións concedidas para o mesmo programa, indicando que non hai ningunha pendente de resolución, ou de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.

Cando formen parte da xustificación, documentos de gastos de nóminas ou que comporten ingresos a conta do Imposto sobre a renda das persoas físicas ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación correspondentes a 2024, considerarase xustificado coa presentación dunha addenda á certificación da intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control na primeira quincena de febreiro de 2025.



A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobro e o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño.

NOVENA. Incumprimentos, reintegros e sancións

1. Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento das actuacións subvencionables a través do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os intereses de demora correspondentes.

2. O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o número anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

3. Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumprida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% da actividade obxecto da subvención, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.

4. Á entidade beneficiaria da subvención regulada nestas bases seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Título VI do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

DÉCIMA. Inexistencia de relación laboral

A UNED – A Coruña queda facultada para designar o persoal necesario para realizar as actividades do programa a subvencionar relacionadas na cláusula primeira deste convenio.

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual entre a Consellería de Política Social e Igualdade e as persoas que realicen as actividades obxecto do programa a subvencionar a través do dito convenio, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo

DÉCIMA PRIMEIRA. Comisión de seguimento

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados cada un dos órganos e entidades afectados polo mesmo. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería





de Política Social e Igualdade e dous representantes da UNED- A Coruña, así como os seus suplentes, designados polas persoas que representen a cada unha das partes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das dúas persoas representantes da Administración designada pola persoa titular da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria.

A persoa que ocupe a secretaría, que actuará con voz pero sen voto, así como a súa suplencia, será unha persoa adscrita á Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, designada pola persoa que asuma a Presidencia.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMA SEGUNDA. *Vixencia*

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro do presente exercicio, sempre que comprendan as actuacións do programa formativo a subvencionar.

DÉCIMA TERCEIRA. *Obrigas de publicidade*

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

DÉCIMA CUARTA. *Información básica sobre protección de datos persoais*

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).





Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

A referencia á publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Como destinatarios, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMA QUINTA. Réxime xurídico

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, así como pola Lei 40/2015, de 1 de outubro.

A administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.





Todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento da subvención, cumprimento das obrigas inherentes á condición de entidade beneficiaria, a xustificación e o pagamento do importe da subvención, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativa á subvención concedida, serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade. Así mesmo, as cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución deste convenio serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade. Os seus acordos esgotan a vía administrativa.

Contra estes acordos cabe interpoñer o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no prazo dun mes se a resolución fose expresa, ou se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Directamente poderá interpoñerse o recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para a entidade beneficiaria; a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, asínano ambos os dous comparecentes no lugar e na data de sinatura dixital.

A conselleira de Política Social e
Igualdade

A directora do Centro Asociado UNED - A
Coruña

Fabiola García Martínez

Ana Mónica Novo García

